

III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

III EDICIÓN DO PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL

*Convocado pola **Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento** co apoio e financiamento da **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia***

APARTADO 1. OBXECTO DO PREMIO.


Premiar experiencias educativas, proxectos ou iniciativas pedagóxicas realizadas durante o curso escolar 2022/23 e/ou 2023/24, destinadas a sensibilizar, formar, concienciar, desenvolver un espírito crítico e fomentar a participación activa da comunidade educativa na consecución dunha cidadanía global, solidaria e comprometida coa erradicación da pobreza e das desigualdades sociais, as súas causas e consecuencias e en prol da xustiza global (social, económica, política, ambiental) e do desenvolvemento humano e sostible¹.

APARTADO 2. FINALIDADE DO PREMIO.

O premio ten unha tripla finalidade:

- Recoñecer o labor e o esforzo realizado pola comunidade educativa dos centros de ensino galegos para poñer en práctica a Educación para a Cidadanía Global nas aulas.
- Promover a integración da Educación para a Cidadanía Global na educación regrada galega.
- Crear sinerxías e redes entre o profesorado galego interesado nas temáticas, contidos e metodoloxías abordadas dende esta pedagogía crítica.

1 EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL: A Educación para a Cidadanía Global (ECG) forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Dende a Coordinadora Galega de ONGD, entendemos a ECG como un proceso socioeducativo encamiñado a xerar consciencias críticas. Isto implica facer a cada persoa responsable e activa co fin de construír unha nova sociedade civil comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade, e coa construción dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación. A ECG ten por obxectivo, pois, crear unha cidadanía que participe activamente na transformación da sociedade dende o ámbito persoal, comunitario e político. Temáticas que aborda a ECG: Interdependencia, Globalización, Corresponsabilidade, Xustiza social, Pobreza, Comercio Xusto, Consumo Responsable, Economía Social, Estilos de vida sostibles, Cambio Climático, Medioambiente, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, Decrecemento, Interculturalidade, Resiliencia comunitaria, Cultura de Paz, Resolución de conflitos, Dereitos Humanos, Xénero, Coeducación, Democracia, Participación, Valores solidarios, Medios de comunicación, Cidadanía dixital, Movementos Sociais, Minorías e Colectivos vulnerables, Diversidades, Desigualdade social, Discriminación, Exclusión social...



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

APARTADO 3. A QUEN SE DIRIXE.

Poderán presentarse **docentes ou equipos de docentes** de centros de ensino e universidades galegas de titularidade pública, concertada ou privada que sexan oficialmente recoñecidos pola Consellería de Educación.

Do mesmo xeito, poderán presentarse docentes e/ou centros participantes ou gañadores doutras edicións deste premio, sempre que o fagan con proxectos que non resultasen gañadores en anteriores edicións do mesmo.

O profesorado que participe como xurado avaliador desta edición, non poderá concursar no certame.

APARTADO 4. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN.

O premio constará de tres categorías:

- **Categoría A:** Educación Infantil e Primaria.
- **Categoría B:** E.S.O, Bacharelato, Formación Profesional, Centros de Ensinanza de Réxime Especial e Ensinanzas Artísticas.
- **Categoría C:** Ensinanzas universitarias.


Cada categoría comprende aquelas experiencias desenvolvidas en centros que integren as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, facultades, centros universitarios privados e centros privados de infantil, primaria, secundaria e formación profesional, réxime especial e ensinanzas artísticas.

Cada centro poderá presentar tantas experiencias como desexe (experiencias a nivel centro, a nivel aula, inter-aulas, inter-centro, etc.).

APARTADO 5. CONTIDO E DOTACIÓN DO PREMIO.

Premiaranse 3 experiencias educativas, unha de cada categoría, que recibirán:

1. Elemento distintivo para o centro.
2. Diploma para o profesorado e alumnado implicado.
3. Publicación da experiencia premiada.
4. Asistencia para o profesorado participante á Gala de Entrega de Premios, consistente nun encontro no que coñecer e compartir as experiencias gañadoras e/ou finalistas.
5. Unha **viaxe de 10 días a Guatemala** cos gastos cubertos para 2 docentes de cada unha das iniciativas gañadoras en cada categoría, no que poder coñecer un proxecto de cooperación internacional e o traballo que realiza



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

en terreo a Cooperación Galega.

NOTA:

A viaxe a Guatemala estará formada por un total de 6 docentes (2 por cada experiencia gañadora) e varios membros dalgunha das ONGD galegas promotoras do Premio, polo que o profesorado que viaxe estará permanentemente acompañado por persoal experto e coñecedor tanto da zona e do país como dos proxectos e das entidades locais acolledoras.

A viaxe terá lugar durante o mes de agosto de 2024 (pendente de concretar datas exactas) coa finalidade de facelo coincidir cun mes non lectivo, evitando posibles inconvenientes na conciliación laboral cos centros educativos.

A viaxe contribuirá ao intercambio de saberes educativos e ao coñecemento en primeira persoa da realidade dun contexto do Sur Global.

O profesorado gañador comprométese a desenvolver, á súa volta, unha acción de sensibilización sobre a súa experiencia en Guatemala (acción que se realizará coa colaboración do comité organizador do Premio entre os meses de setembro e novembro de 2024).

Excepcionalmente, os premios (dunha, de dúas o das tres categorías) poderán ser declarados desertos no caso de que a comisión de avaliación considere que non acadan unha calidade suficiente para outorgalos.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro premio ou recoñecemento do que sexa beneficiario o centro, o profesorado ou alumnado.

APARTADO 6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación comezará o mesmo día da publicación destas bases na páxina web da Coordinadora Galega de ONGD (<https://galiciasolidaria.org/>) e rematará o 7 de abril de 2024 ás 23:59h.

A solicitude e documentación deberá presentarse por correo electrónico antes do remate do prazo no seguinte enderezo:


premiogalegoed@galiciasolidaria.org indicando en Asunto “**Categoría A**”, “**Categoría B**” ou “**Categoría C**”, segundo corresponda.

APARTADO 7. DOCUMENTACIÓN.

Será necesario presentar a seguinte documentación:

I. **Certificación** (segundo o modelo Anexo I destas bases) asinada por un/unha representante do centro no que se desenvolveu a experiencia, na que figuren:

- Os datos do Centro Educativo ou Facultade e Universidade no que se inxire a experiencia.
- Os datos (nome, apelidos e DNI) do profesorado que se presenta ao premio (unha soa certificación tanto sexan un ou varios docentes implicados). Entre estes docentes designarase unha persoa coordinadora, que se responsabilizará da documentación e a organización da información



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@
galiciasolidaria.org

650 984 188

que se incorpore á memoria que se presente.

- Certificación de que o centro/facultade conta con autorización para o uso das imaxes do alumnado participante no traballo.
- Xustificante da cumprimentación da memoria descritiva da experiencia (Captura de pantalla do correo electrónico recibido conforme a experiencia foi correctamente rexistrada -ver exemplo no Anexo I).

II. Memoria descritiva da Experiencia

A Memoria descritiva da experiencia cumprimentarase nun formulario en liña, habilitado e dispoñible na plataforma web **Mapa Cénit de Experiencias de Educación para a Cidadanía Global** (<https://emapic.es/mapacidadaniaglobal>).

Para facilitar a cumprimentación do formulario apórtase un vídeo-tutorial con todos os pasos a seguir, ao que se pode acceder tanto na propia plataforma do Mapa Cénit (pestaña vídeos titoriais) ou premendo directamente nesta ligazón:

Tutorial 2. Subir experiencias a Cénit, o mapa de educación para a cidadanía global - YouTube

Ademais dos vídeos titoriais (dispoñibles de xeito permanente na páxina do Mapa Cénit), coa finalidade de axudar ao profesorado que o necesite, realizarase unha **SESIÓN INFORMATIVA VIRTUAL** o xoves 14 de marzo de 2024 de 19:00 a 20:00h. Na mesma resolveranse dúbidas, consultas e preguntas, así como se fará un breve repaso do funcionamento do Mapa Cénit para facilitar a presentación de candidaturas.


Para participar na sesión non é preciso apuntarse con antelación, tan só premer o día 14 ás 19:00h nesta ligazón: <https://us06web.zoom.us/j/85079779432>

Aclaracións sobre a memoria descritiva.

A memoria será cumprimentada na Plataforma Mapa Cénit polo/a docente ou equipo de docentes que se presenten ao premio. Deberá estar redactada en lingua galega e deberá incluír como mínimo 3 imaxes/fotografías da iniciativa. A maiores poderanse engadir de xeito voluntario ligazóns, audios, gráficos, máis imaxes, etc. así como unha memoria complementaria da iniciativa que facilite a incorporación doutros datos ou cuestións de interese da experiencia que non queden recollidos nos outros apartados (ter en conta os criterios de valoración).

O formulario da Memoria consta de tres apartados, concisos e sinxelos de cumprimentar:

1. **INTRODUCCIÓN:** título, quen a aporta, descrición, imaxes, presentación, finalidade, proceso e reflexión (puntos fortes/febles, avaliación, impacto, resultados e continuidade...).
2. **DATOS BÁSICOS:** centro educativo, curso/s, etapa/s educativa/s, competencias que traballou, alumnado e outras entidades implicadas, si as houber...).



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

3. TRAZOS: obxectivo/s, dimensión/s, temática/s, metodoloxía/s, relación co/s Obxectivos de Desenvolvemento Sostible -sí o houber-, materiais de elaboración propia creados na experiencia (inserir ligazón para poder valorar), etc.)

Excepcionalmente e no caso de ser necesario, o xurado poderá solicitar algunha outra información ou aclaración sobre a experiencia presentada á persoa coordinadora da mesma.

APARTADO 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A valoración realizarase exclusivamente a través da memoria cumprimentada no Mapa Cémit de Experiencias de Educación para a Cidadanía Global asignado para esta convocatoria, polo que calquera outro dato de interese que non conste ou non se cite non será tido en conta.

Valoraranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas, metodoloxías aplicadas e logros acadados. Non se valorarán aspectos retóricos, descrições baleiras e teorías pedagóxicas sen visibilidade da súa aplicación na aula. Os criterios de valoración das experiencias estableceranse en dúas fases:

Fase 1: Aplicaranse os seguintes criterios eliminatorios para filtrar que as experiencias candidatas:

a. Respondan á temática de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global garantindo que as experiencias non contemplan valores opostos á mesma.


b. Cumpran os aspectos formais indicados nas bases (documentación a chegar, idioma, formatos, etc.)

As candidaturas que non pasen os filtros da Fase 1 serán declaradas "NON APTAS", non continuando no proceso avaliador, e as experiencias declaradas "APTAS" pasarán á segunda e última fase de valoración.

Fase 2: Valoración das experiencias "Aptas":

As experiencias poderán obter unha valoración máxima de 52 puntos, segundo os seguintes criterios:

| | | |
|-----------|--|--------------|
| A) | Centros educativos ou Facultades de titularidade pública | 2 PUNTOS |
| B) | En canto a obxectivos (finalidades indicadas na descrición e os obxectivos do punto 3 de trazos) | ATA 5 PUNTOS |



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org


650 984 188

| | | |
|----|---|---|
| C) | En canto a dimensións (sensibilización, educación, investigación, mobilización social e incidencia política) | ATA 5 PUNTOS POR CADA APARTADO |
| D) | En canto a metodoloxías, carácter innovador, orixinalidade, coherencia (Valorarase no apartado da descrición do proceso) | |
| E) | En canto a competencias, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible vencellados e temáticas traballadas | |
| F) | En canto ao impacto (participantes da comunidade educativa, profesorado, alumnado, familias e outros colectivos) | |
| G) | En canto á presenza da dimensión global, a interdependencia e a coresponsabilidade. | |
| H) | En canto ao grao de colaboración/coordinación e vínculos con outras iniciativas do centro (Valorarase a vinculación curricular da experiencia cunha ou varias materias -disciplinar ou interdisciplinar-) | |
| I) | En canto á duración e tempo/s educativo/s (Valorarase experiencias non puntuais ou con continuidade) | |
| L) | En canto ás posibilidades de replica (aplicación da a experiencia noutros contextos e/ou etapas educativas) | |
| M) | En canto a materiais creados ou xerados na experiencia (só se valorarán aqueles anexados no formulario da memoria descritiva) | |

APARTADO 9. XURADO.

O xurado será diverso e plural. A composición dos membros do mesmo constará no documento de resolución do Premio, contribuíndo a unha maior transparencia do galardón. Estará formado por un mínimo de 6 persoas, das cales se procurará que estean representados/as:

- Equipa directiva e/ou persoal técnico da Coordinadora Galega de ONGD.
- Persoal da Comisión de Educación da Coordinadora Galega de ONGD.
- Persoal de Cooperación Galega – Xunta de Galicia.
- Persoa/s experta/s en Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

- Profesorado con experiencia en proxectos de ECG que non presente candidatura nesta convocatoria.

APARTADO 10. RESOLUCIÓN.

A comisión de selección composta polo xurado designado, unha vez avaliadas as solicitudes presentas, elevará a proposta de resolución dos premios concedidos á Presidenta da Coordinadora Galega de ONGD, quen ditará **resolución definitiva** nun prazo estimado de dous meses (a data de publicación da resolución do Premio está prevista para o mes de maio de 2024)²

A resolución poderá consultarse na páxina web da Coordinadora Galega de ONGD (<https://galiciasolidaria.org/>) onde será publicada, así como será notificada por correo electrónico aos e-mails de contacto das candidaturas presentadas en tempo e forma.

A **gala de entrega de premios** terá lugar, previsiblemente, durante o mes de xuño de 2024. Á mesma serán convidados representantes de todas as experiencias presentadas ao certame, a quen se lle mandará aviso previo por correo electrónico indicando a data, hora e lugar do evento.

APARTADO 11. DIFUSIÓN DAS EXPERIENCIAS.

A presentación a esta convocatoria implicará a aceptación das bases e o compromiso de participación nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Coordinadora Galega de ONGD dos dereitos de edición e publicación das experiencias.


No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, poderán facelo, sempre citando na publicación o nome e/ou o logo do premio Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.

Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

APARTADO 12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Coordinadora Galega de ONGD coa finalidade

² Esta comisión, gárdase a opción de posibles variacións dos prazos para as distintas fases do proceso do Premio, sendo estas publicadas como *AVISOS á convocatoria do mesmo, de ser o caso.



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2024

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

650 984 188

de levar a cabo o proceso de concesión deste premio.

Así mesmo, as experiencias presentadas serán incorporadas de xeito permanente ao Mapa Cénit de Experiencias de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global (financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia) con fins divulgativos e de investigación. O Mapa Cénit poderá consultarse na ligazón <https://emapic.es/mapacidadaniaglobal>

O tratamento dos datos baséase no cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46CE (Regulamento xeral de protección de datos).

As/os autoras/es poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición dos seus datos, poñéndose en contacto coa Coordinadora Galega de ONGD no enderezo electrónico: premiogalegoed@galiciasolidaria.org indicando en Asunto: LOPD.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2024.

Convoca




**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

Financia



**COOPERACIÓN
GALEGA**





III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

ANEXO I

III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL

SOLICITUDE

TÍTULO OU NOME DA EXPERIENCIA (o título ten que ser exactamente o mesmo que na memoria rexistrada a través do Mapa)

DATOS DA ENTIDADE

CENTRO EDUCATIVO OU UNIVERSIDADE E FACULTADE

CÓDIGO DO CENTRO

NIF

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI

EN CALIDADE DE

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (cubrir soamente no caso de ser diferente á dirección indicada nos datos da entidade)

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO PROFESORADO QUE SE PRESENTA AO PREMIO (cubrir cantos sexan necesarios e especificar o/a coordinador/a)

NOME E APELIDOS

DNI

| | |
|--|--|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

| |
|--|
| O CENTRO CONTA CON AUTORIZACIÓN PARA O USO DAS IMAXES DOS MENORES PARTICIPANTES NA EXPERIENCIA |
| SI (ADXUNTAR CERTIFICACIÓN) |
| NON (NA MEMORIA/MAPA NON PODERÁN CONSTAR IMAXES DOS MENORES PARTICIPANTES) |

| |
|--|
| CUMPRIMENTACIÓN DA MEMORIA DESCRITIVA NO MAPA CÉNIT DE EXPERIENCIAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL |
| SI (ADXUNTAR CAPTURA DE PANTALLA DO E-MAIL DE REXISTRO) ¹ |
| NON (A INICIATIVA SERÁ DECLARADA NON APTA E NON PASARÁ Á FASE DE VALORACIÓN FINAL) |

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Coordinadora Galega de ONGD coa finalidade de levar a cabo a tramitación que se derive da xestión deste premio e a súa posible publicación. A información recadada empregárase con fines de investigación, publicación científica e divulgación. Pese as medidas previstas para manter a confidencialidade, existe risco real de identificación das persoas participantes, non só polo rexistro de material fotográfico, en vídeo ou audio, cando sexa consentido, senón tamén ante a posibilidade de correlacionar os datos relativos ás experiencias de EPDCG.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, conforme á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. A sinatura e presentación da solicitude implica o

consentimento para o tratamento dos datos persoais. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través do enderezo electrónico premiogalegoed@galiciasolidaria.org tal e como se recollen nas bases da propia convocatoria deste premio.

A captura de pantalla pódese inxerir neste Anexo antes de asinalo ou enviar en formato foto ou pdf en outro arquivo, pero é preciso enviar toda a documentación (Anexo I, Autorización de uso de imaxes e Captura de Pantalla do rexistro da experiencia no Mapa) no mesmo correo electrónico para facilitar a súa comprobación.

Exemplo da captura de pantalla:



| | | | | | |
|----------------------------------|--|---|----|--|----------|
| SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE | | | | | |
| | | | | | |
| LUGAR E DATA | | | | | |
| En | | , | de | | de 2024. |

Convoca



Financia

